



EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE



OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Concello
de Muros



Concello de Carnota

ACTA NÚM. 9 DA SESIÓN DO GRUPO DE TRABALLO ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO DO OBRADOIRO DE EMPREGO MONTE FEIXAS (Exp. núm.: 2026/E001/000009)

Aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 390/2026, de data 29 de abril de 2026, as bases reguladoras do proceso selectivo do Obradoiro de Emprego “OE Monte Feixa” (Exp. núm. 2026/G003/000381), reúnense presencialmente as persoas integrantes do grupo de traballo designado para o desenvolvemento do citado proceso selectivo, sendo as 8:30 horas do día 1 de xuño de 2026.

En representación dos Concellos de Muros e Carnota, entidades promotoras do obradoiro de emprego “OE Monte Feixa”, comparecen:

Da. Irene Espasandín Bermúdez, Concello de Muros (presidenta)

Da. Graciela Castro Alvela, Concello de Muros (secretaria)

D. Manuel José González Castro, Concello de Carnota (vogal)

Da. Rosa Rama Vilela, Concello de Carnota (vogal)

ORDE DO DÍA

Resolución das alegacións presentadas ás puntuacións provisionais e aprobación e publicación das puntuacións e listas definitivas para os postos de director/a e auxiliar administrativo/a, así como acordo sobre o arquivo da documentación correspondente.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Resolución das alegacións:

1. Alegación presentada por MPV, con DNI ***2686**, con data de rexistro do 28 de maio de 2026 e número 202699900001447, na que solicita a revisión da valoración dos méritos correspondentes aos apartados B1 e B3 da baremación provisional para o posto de Director/a.

O grupo de traballo, unha vez revisada a documentación presentada, acorda estimar parcialmente a alegación, en base ás seguintes consideracións:

- Formación académica relacionada coa ofertada como máis axeitada ao obradoiro - Apartado B1 do cadro ANEXO 2 (máx. 2 puntos): As bases reguladoras establecen que a titulación mínima esixida se terá en conta unicamente para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo, sendo valorables como mérito aquelas titulacións relacionadas coas funcións a desenvolver no Obradoiro de Emprego. Revisada a documentación achegada, considérase procedente a valoración dunha titulación universitaria adicional relacionada co posto, correspondéndolle unha puntuación de 1,50 puntos. Non obstante, non procede a valoración do *Mestrado Universitario en Avogacía*, ao non quedar acreditada a súa relación directa coas funcións propias do posto de Director/a do Obradoiro de Emprego nin achegarse documentación suficiente sobre os seus contidos formativos que permita determinar a súa vinculación coas tarefas de dirección, coordinación e xestión inherentes ao posto. En consecuencia, mantense a puntuación de 1,50 puntos neste apartado.



EMPREGO
GALICIA



- Formación complementaria – Apartado B3 do cadro ANEXO 2 (máx. 2 puntos): Comprobase que o *Mestrado Universitario de Profesorado ou Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP)* segundo o previsto nas bases reguladoras, foi correctamente valorado cunha puntuación de 1 punto. Así mesmo, revisáronse os cursos de formación achegados, valorándose unicamente aqueles nos que consta información suficiente para verificar tanto os seus contidos como a súa relación coas funcións propias do posto convocado, de acordo cos criterios establecidos nas bases. Como resultado desta revisión, a puntuación correspondente a este apartado queda fixada en 0,60 puntos.

En consecuencia, a puntuación definitiva correspondente á valoración do baremo da candidata **MPV, con DNI ***2686****, queda fixada en **8,35 puntos**.

2. Alegación presentada por OBN, con DNI ***6198**

O grupo de traballo, unha vez revisada a documentación presentada, acorda estimar a alegación, en base ás seguintes consideracións:

- Formación académica relacionada coa ofertada como máis axeitada ao obradoiro – Apartado B1 do cadro ANEXO 2 (máx. 2 puntos): Revisada a documentación achegada, considérase que as titulacións de FP II Secretariado e Bacharelato gardan relación coas funcións administrativas propias do posto convocado, polo que procede a súa valoración de conformidade co establecido nas bases reguladoras, correspondéndolle unha puntuación de 0,75 puntos.
- Formación complementaria – Apartado B3 do cadro ANEXO 2 (máx. 2 puntos): Comprobáronse os cursos achegados, que gardan relación directa coas funcións do posto convocado, especialmente coas tarefas de xestión e arquivo de documentación, atención ao público, comunicación con usuarios e entidades e apoio administrativo. En consecuencia, procede a súa valoración, correspondéndolle unha puntuación de 0,70 puntos.

En consecuencia, a puntuación definitiva correspondente á valoración do baremo da candidata **OBN, con DNI ***6198****, queda fixada en **6,20 puntos**.

O grupo de traballo, unha vez examinadas e resoltas as alegacións presentadas e dada a necesidade de axilizar a tramitación do procedemento selectivo, acorda aprobar e proceder á publicación das puntuacións e listas definitivas correspondentes aos postos de director/a e auxiliar administrativo/a do obradoiro. Así mesmo, acórdase a súa publicación nos taboleiros de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros e do Concello de Carnota. Finalmente, acórdase o arquivo da documentación correspondente ao proceso selectivo nas dependencias do Concello de Muros, así como a disolución do Grupo de Traballo unha vez rematadas as actuacións que lle foron encomendadas.

ANEXO. PUNTUACIÓN DEFINITIVA DE DIRECCIÓN E AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A:

1. Dirección:

APELIDOS E NOME	DNI CODIF.	ENTREVISTA	MÉRITOS	TOTAL
Piñeiro Mandado, Braulio	***1389**	8,00	9,35	17,35
Pose Veiga, Minerva	***2686**	8,00	8,35	16,35
Miramontes Cajade, María Pilar	***0162**	8,00	6,45	14,45



EMPREGO
GALICIA



Concello
de Muros



2. Auxiliar administrativo/a:

APELIDOS E NOME	DNI CODIF.	ENTREVISTA	MÉRITOS	TOTAL
Bermúdez Piñeiro, Nanci	***2066**	5,00	9,85	14,85
Bouzas Nimo, Olalla	***6198**	7,00	6,20	13,20
Lourido Pedrosa, María del Mar	***6889**	8,00	4,85	12,85
Sobrado Abeijón, Ramona	***3829**	7,00	3,80	10,80
Miguens López, David	***8325**	7,00	2,30	9,30

E sen máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 9:30 horas do día 1 de xuño de 2026, e para que quede constancia do tratado, redáctase a acta que asina a presidenta e demais membros do grupo de traballo.

Irene Espasandín Bermúdez
Presidenta

Graciela Castro Alvela
Secretaria

Manuel José González Castro
Vogal

Rosa Rama Vilela
Vogal